



Entrevista ao poeta Eduardo Estévez

Ramiro Torres 17 Dezembro 2015

<https://palavracomum.com/entrevista-ao-poeta-eduardo-estevez/>

– **Palavra Comum:** Que é para ti a poesia?

– **Eduardo Estévez:** A pregunta ten moitas lecturas posibles. Para o meu cotián, a poesía é unha forma de comunicación que teño coa xente que me arrodea ou, moitas veces, comigo mesmo. Gústame pensar na poesía como un espazo moi meu no que podo mirar o mundo sen interferencias e tentar explicalo. E, nese proceso de tentar explicar o mundo, moitas veces o primeiro a descubrir e aprender son eu mesmo.

Querería que a poesía que fago poña en evidencia que se pode mirar doutro xeito. Non quero explicarlle a ninguén como mirar o mundo porque eu mesmo non o sei, vouno descubrindo a cada paso e, desde logo, non creo que haxa *unha* maneira de facelo así como non hai *unha* realidade senón moitas e en constante mutación (o río, etcétera). O que me gustaría é poñer en evidencia que sempre hai outra perspectiva posíbel. Nestes tempos de pensamento único e anatematización do disenso, aprender a procurar outras perspectivas coas que mirar o mundo paréceme un obxectivo case revolucionario. A idea é reflexionar e facer reflexionar. Convidar a descubrir conclusións persoais, que é todo o contrario do que procura este sistema, que só dá valor ao consumo acrítico e ao titular de portada, sen matices, aínda que sexa sesgado ou, directamente, falaz.

– **Palavra Comum:** Como é, no teu caso, o proceso de creación literaria?

– **Eduardo Estévez:** Cámbioche “creación” por “produción” porque “crear” tenme unhas resonancias bíblicas (deus facendo o mundo a partir da nada) que non creo que teñan nada que ver coa poesía. A poesía, toda forma de arte, é sempre construción e reconstrución a partir duns materiais concretos (conscientes ou non) e previos. Eu escribo poesía igual que tuiteo: como produto dunha reacción ao contexto no que me toca vivir. Os tuits son máis inmediatos e, se queres, irreflexivos. A poesía é unha reacción máis pousada, que busca máis na raíz dos temas. Ofrecer beleza pode ser unha actitude revolucionaria tamén pero tento non facer unha poesía só descritiva, da paisaxe, porque procuro romper o cristal do espello e que a beleza estea na descuberta.

En canto á dinámica da escrita en si mesma, é raro que produza un poema solto. Antes facíao. Agora, cando nace un proxecto, xa ten forma de libro, entendendo “libro” dun xeito amplo porque o resultado pode ser un blog, por exemplo. Igual ten que ver co que veño dicindo: un poema é unha ollada mentres que un libro son diferentes enfoques e implica unha reflexión máis demorada e fonda.

Normalmente boto bastante tempo dándolle forma na cabeza a unha idea. Unha idea que nace vaga e pouco a pouco vou organizando. Inicialmente o que teño é algo así como unha paleta de cores coas que quero traballar. Un catálogo de tonalidades.

Unha vez que a idea vai cobrando forma, empeza un período no que tomo notas breves con ideas para facer poemas. Fíxate en “[de baleas](#)”: de cada poema pódense ver todas as versións e, case sempre, a primeira son só uns pequenos apuntamentos. Creo que alí queda bastante claro cal é o meu proceso.

Cando estou enfocado nun proxecto concreto, calquera libro que lea, calquera película que vexa semellan dialogar con ese proxecto e danme ideas para poemas novos. Antes tiña un caderno na mesa de noite onde apuntaba esas ideas: agora uso un xestor de notas no móbil. É curioso como a maior fonte de ideas non está na miña vida diaria senón na literatura e no cine. Igual é que a miña vida é moi aburrida...

A partir desas primeiras notas, vou construíndo o poema, normalmente tirando do fío dunha anécdota banal e facendo dialogar a idea inicial con outras que van aparecendo. Ás veces dunha lectura non nace unha idea para un poema novo senón unha interferencia cun poema xa iniciado. Por iso nos textos van aparecendo voces ou historias que se entrecruzan. Gústame moito esta poesía de anacos aparentemente inconexos. Creo que ten moito que ver coa nosa maneira actual de confrontar a realidade: fragmentaria e chea de ruídos.

Unha vez que nos poemas está o que quero dicir, queda unha etapa (ás veces moi longa) de revisión e corrección. É cando atendo máis ás cuestións técnicas e formais aínda que moitas desas cuestións están xa automatizadas no momento de apuntar os primeiros versos. E o conxunto: construír un libro é como construír un poema. Non é igual a orde dos poemas no libro como non é igual a orde dos versos no poema. E hai poemas que, sendo bos, non caben no libro igual que hai versos que, sendo bos, non caben nun poema dado. Todos os elementos deberían contribuír á transmisión da mensaxe e o que sobra é unha interferencia, un distractor, e cómpre quitalo. As tesouras (o botón Supr) son ferramentas máis útiles para o escritor do que o boli (as teclas das letras) porque a poesía non está no que contas: as palabras do poema conforman un taboleiro cheo de ocos e o lector (quer dicir, o receptor da mensaxe) constrúe o poema (decodifica a mensaxe) a partir do que pon de seu nesos ocos. As palabras do poema son importantes, porque dan forma aos ocos. Pero o que fai que o poema chegue ao lector son esas cousas coas coas que o lector enche eses ocos, porque esas cousas son súas e así o lector aprópiase do poema.

– **Palavra Comum:** Qual consideras que é -ou deveria ser- a relação entre a literatura e outras artes (música, fotografia, artes plásticas, etc.)? Que experiências tens, neste sentido?

– **Eduardo Estévez:** Creo que a poesía estivo sempre próxima doutras formas de expresión artística, aínda que probabelmente esta relación se acentuase (ou, cando menos, dá esa sensación) nos últimos tempos. Non sei moi ben por que. Igual porque a poesía está a procurar compañeiros de viaxe que nos axuden a achegarnos ao lector. Eu penso que mesturar poesía con outras artes é unha opción moi válida pero unha opción. A min segue a gustarme a poesía de

texto. Limpa. Tento fuxir de artificios. Pero estou a falar do que a min me gusta facer. Non valoro aquí o que fan os demais.

En calquera caso, non creo que case nada “deba” ser ningunha cousa. E moito menos a produción artística. E con isto quero dicir que a poesía pode dialogar e construírse en relación con outras formas de arte e mais tamén pode seguir andando o camiño de seu como até o de agora e ningunha das dúas alternativas exclúe á outra nin é de seu mellor ou peor.

A fotografía sempre estivo preto do que eu fago. Igual porque a fotografía é unha forma de capturar a paisaxe semellante á do haiku, que sempre me atraeu moito. A edición que fixo Bourel d’os *veos da paisaxe* incluía en cada exemplar cinco fotografías diferentes: un traballo de selección a partir de centos de fotos feitas por min andando estradas (e pistas) polo país adiante. Cando presentamos o libro, preparei unha exposición en Ferrol con algunhas desas imaxes e algúns dos versos do libro escritos nas fotos.

Nos últimos anos atravesáronse na vida dous artistas plásticos que me liaron a proxectos cos que non contaba: Ignacio Castro “Nachok” e Caxigueiro. Con Ignacio, un estupendo fotógrafo mariñán, estamos presentando estes días o libro *entrar na casa*: un obxecto de textos e fotos feito a catro mans, que publicou Estaleiro Editora e que está a darnos moitas alegrías. Con Ignacio, con Caxigueiro e con Ernesto Gonzalez Torterolo (outro mariñán pero galego de adopción, coma min) fixemos tamén un proxecto conxunto, unha exposición que circula nas beiras da fotografía: “fóra de campo”, que xa pasou por Ourense e Ferrol e ogallá siga o seu curso.

– **Palavra Comum:** Quais são os teus referentes -num sentido amplo-? Quais deles achas que são desconhecidos (ou preteridos) ainda injustamente?

– **Eduardo Estévez:** Empecei a escribir poesía lendo a Oliverio Girondo e a Alejandra Pizarnik. Foi un disparador. Con eles descubrín que a poesía podía falar unha lingua que impactase na miña experiencia cotiá. E con Pizarnik en particular descubrín tamén a expresión concisa: eu quería facer poemas como croios, eses croios de *Árbol de Diana* ou *Los trabajos y las noches*. Aprendín técnica antes de aprender a expresarme no poema. Esa foi unha segunda etapa, froito de ir deixando atrás a adolescencia, imaxino, e dun obradoiro literario que fixen en Caracas co poeta Harry Almela (en Venezuela, por certo, faise unha poesía excelente, é mágoa que non teña maior proxección internacional; hai poetas alí que todos deberíamos ler, como o propio Almela ou Yolanda Pantín ou Rafael Cadenas). Con Harry aprendín a verdade do poema, que non ten por que ter nada que ver coa realidade, senón coa sinceridade, a autenticidade.

Nestes anos produciuse tamén o meu primeiro achegamento á poesía galega, froito dunha viaxe a Compostela en 1993.

En Galiza descubrín unha ollada poética que me sorprendeu: era poesía urbana e contemporánea pero cunha conciencia moi clara dos espazos rurais. Desde a miña experiencia vital en grandes urbes, iso era unha forma de realismo máximo.

Despois, unha vez instalado aquí, tamén aprendín a ver a poesía como comunicación e reflexión. Ler a Celso Fernández Sanmartín foi para min unha escola. Para min e para moitos, penso. O seu libro sen título é fundacional para a xeración ou xeracións de final do século. E é unha ferramenta magnífica de iniciación á poesía contemporánea para as persoas que só leron a poesía que lles obrigaban a ler no instituto.

En canto ás cores e ás paisaxes do texto, hai algúns autores arxentinos que para min son básicos: Raúl González Tuñón e Juan Gelman son os exemplos sobranceiros pero hai máis. Tamén Kavafis

e a poesía norteamericana, en particular Raymond Carver, máis coñecido pola súa prosa pero que é un poeta poderoso. E Antonio López e o *Livro do Desassosiego* e un par de discos que fixeron xuntos Ryuichi Sakamoto e Alva Noto e a poesía de Borges, claro, e o *Adán Buenosayres*, de Leopoldo Marechal un narrador arxentino inxustamente esquecido que está na altura de Borges ou de Cortázar ou de Macedonio Fernández. E algúns libros de Estevo Creus (*O libro dos cans*, *Teoría do lugar*, ...) e Steve Reich e dous ou tres libros de Georges Perec...

– **Palavra Comum:** Que camiños (estéticos, de comunicación das obras e @s escritor@s com a sociedade, etc.) estimas interesantes para a creación literaria hoje -e para a cultura galega, mais em geral-?

– **Eduardo Estévez:** Desde hai ben tempo teño a convicción de que a produción literaria contemporánea non se aglutina por apostas estéticas. Ou tal vez debería dicir que non se aglutina en xeral: que os procesos de produción, no final do século XX, individualizáronse moitísimo. Creo que o que máis nos une aos que producimos poesía é o interese por chegarmos aos lectores ou as preocupacións polos conflitos culturais cos que nos toca convivir: á fin e ao cabo, tensións gremiais, diría. Non teño unha resposta aos (moi graves) problemas de comunicación poeta-lector que temos hoxe. Penso que moito pasa polo ensino e, neste sentido, parécenme importantes iniciativas como a *Poesía hexágono*, de Apiario, ou os obradoiros que desde hai tempo organiza a AELG nos centros de ensino. Máis alá do esforzo individual dalgúns docentes -que me constan-, no propio sistema educativo hai iniciativas que funcionan máis ou menos ben e están a dar algúns resultados como os clubs de lectura ou os programas de bibliotecas. Pero sospeito que o alcance destas accións segue a ser discreto e teño a sensación de que a poesía tampouco non é alí un convidado habitual. Como se, unha vez que se consegue un feixeño de persoas interesadas en ler, tivesen medo de arredalos se lles dan a ler poesía.

Penso que o traballo hai que orientalo sobre todo ao corpo docente de literatura. O camiño, claramente, é o lector. Sen lectores e lectoras non hai literatura. Nós temos ben pouquiños lectores e os docentes, sobre todo os de literatura, pero non só, poderían axudarnos a crealos.

– **Palavra Comum:** Como ves a literatura galega nestes momentos?

– **Eduardo Estévez:** Feble. Creo que esa é a palabra. Desde o lado dos escritores hai dinamismo na hora de producir. E calidade. E mesmo moito empeño por tentar activar a difusión das obras resultantes. Ademais, hai unha actividade intensa na rede, pero está demostrado que non abonda. Os escritores e as escritoras traballamos constantemente e moitas das cousas que facemos poñémolas ao alcance do público: no papel, na rede, na rúa. Pero o público non chega. Non son amigo nin do pesimismo nin de hipotecar a resolución de problemas nas accións de entes supostamente responsábeis (a administración, por exemplo) nos que non está ao meu alcance influír. Creo que fai falta unha maior conciencia nos propios lectores e lectoras, que non viven esa falta de contacto coa literatura galega como un problema para eles. A cultura propia é algo que non doe na xente e iso é un problema serio.

Pregúntome se é normal que a dinamización cultural dependa tanto dos autores. Penso que temos unha eiva moi importante na poesía galega no ámbito editorial: non hai un esforzo editorial serio por facer chegar a poesía ao público. As (poucas) editoriais que publican poesía, difunden mal ou nada e todo queda librado moitas veces ao esforzo dos autores e autoras. Pero ese esforzo levamos moitísimo tempo facéndoo e non hai resultados relevantes polo que teño que concluír que, ou ben non van na boa dirección, ben non son suficientes e requiren da colaboración con outros esforzos.

– **Palavra Comum:** Qual é a tua experiência com a língua galega, e como ves a sua situação, a sua vinculação com outros espaços culturais (nomeadamente a Lusofonia), etc.?

– **Eduardo Estévez:** A miña experiencia persoal coa lingua galega é total: a lingua adoptoume con naturalidade e os autores e autoras fixéronme sentir na casa desde o primeiro momento. O galego é un dos elementos principais que fixeron de Galiza o meu lugar no mundo. Pero a situación da lingua é desastrosa e empeora cada día. Ten moito que ver con esa falta de consciencia da que falaba antes: se un non coida a cultura propia (e, aos poucos, vaina perdendo) é menos persoa e, sen dúbida, é menos sociedade. E iso, ademais de empobrecernos como pobo, fainos vítima doada dos abusos do poder.

Canto á relación do galego coa lusofonía é, ou debería ser, un dos temas centrais cando falamos do desenvolvemento da lingua galega e da literatura que se fai en lingua galega. Hai unhas semanas, no Congreso da AELG en Pontevedra, María Xosé Queizán dixo unha frase lapidaria e inesquecible para min: “O galego escríbese en castelán e así non ten futuro”.

O complexo, nesta altura, é rachar todas as dinámicas que afastan ao lector en galego da ortografía portuguesa.

Eu realmente estou vivindo a diario unha contradición neste sentido. Concorro plenamente con todos os argumentos que esgrimen os autores e autoras que escriben galego utilizando a ortografía do portugués padrón ou que cambian a padrón (non falo da norma reintegrada porque penso que fóra da norma ILG-RAG a opción natural para min sería o portugués padrón). Pero non dou o paso porque me asusta un pouco engadir un elemento máis de distanciación co lector galego. Só por iso. E paréceme abondo! Xa temos bastante dificultade para chegar á xente da nosa contorna como para engadir novas. De feito, eu teño a sensación de que levo toda a miña vida de escritor tentando chegar aos lectores e lectoras, que ese é o esforzo principal: un afán de comunicación. E se cambio agora a norma ortográfica coa que escribo dáme a sensación de que estou a dar pasos cara a atrás. Dirás: pero incrementas exponencialmente as posibilidades de achegamento a un corpo infinitamente maior de lectores potenciais. Certo, pero eses lectores e lectoras fánseme tan afastados... Se non me dou comunicado co meu veciño do lado, como podo falar cos veciños que teño a nonseicantos kilómetros? Ademais aí topamos con outro problema adicional: se os portugueses chaman brasileiro á lingua do Brasil porque a diferencian da que eles usan, pouco menos que nada podemos esperar deles a respecto do galego. E, se perdemos o público galego e non podemos esperar nada de Portugal... soñar con outros públicos dá un abismo demasiado grande para min, que son pequeno.

– **Palavra Comum:** Que vínculos há, do teu ponto de vista, entre arte(s) e vida?

– **Eduardo Estévez:** (Falemos de poesía, non de arte, porque, se falo de poesía, teño a sensación de que sei do que falo, pero se falo de arte temo falar sen saber.) Todos e ningún. Quero dicir: o poema nace sempre de min e, ineludiblemente, nel estou eu: a miña maneira de ver o mundo, os meus gustos, as miñas preocupacións, os meus traumas, as miñas dores. Nese sentido o poema ten todo que ver coa vida. Outra cousa é que o que conta o poema poida identificarse comigo como persoa, quer dicir: que o meu eu de carne e óso sexa o suxeito do poema. Aí é onde o poema non ten nada que ver coa vida. O poema nunca é autobiográfico, nin mesmo cando fala de min.

Vou ler agora a túa pregunta doutro xeito: a poesía ten que ver sempre coa vida. Ou debería. Porque é comunicación. Xa que logo, é unha transmisión de información entre unha vida e outra vida (por dicilo nos termos da túa pregunta). Ademais, a poesía é necesaria para ver a vida, para

ver o que nos circunda. Eu penso que alguén que non le poesía é miope: só ve unha parte da vida. A poesía debería axudar a ver a vida doutro xeito. Volvo sobre o tema do comezo: gústame pensar que os meus poemas descóbrenlle ao lector que hai outras maneiras de mirar o mundo, que, cando todos tiran a mesma conclusión dun feito calquera, iso quere dicir que existe un punto de vista que permite tirar unha conclusión diferente ou, cando menos, matizada. Do mundo contemporáneo preocúpame sobre todo o pensamento único e o seguidismo acrítico: penso que aí está unha das raíces máis fondas do problema e que ten difícil solución.

– **Palavra Comum:** Fala-nos de como sería -e que pode existir dela já agora- a tua Galiza imaginária...

– **Eduardo Estévez:** Galiza para min é imaxinaria de seu, porque eu escollín este lugar voluntariamente como o meu lugar no mundo. É, xa que logo, o lugar que imaxinaba. É imaxinaria porque eu imaxino sempre o presente. Se miro para o futuro, ademais de néboa e incertezas, póñoome negativo: chega con ler algún dos artigos sobre o cumio de París ou tentar entender os conflitos que xermolan no mundo árabe. O meu presente é fermoso, ten luz e horizontes verdes. Se quixese imaxinar... podería imaxinar un país onde a xente se sentise orgullosa de facer parte dunha cultura, dunha nación (e non só do caldo e as patacas e o marisco, que están moi ben). Pero prefiro quedar co meu presente imperfecto.

– **Palavra Comum:** Que projetos tens e quais gostarias chegar a desenvolver?

– **Eduardo Estévez:** O proxecto “de baleas”, que é o máis recente que fixen, tiña como colofón, inicialmente, unha publicación dixital. Pero estou tan contento co resultado que estou buscando alternativas para facer unha edición en papel.

Ademais dese libro, teño outros dous terminados que, cando chegue o seu momento, tentarei mover por editoriais e/ou premios. Foi unha tempada moi moi intensa de escrita a destes últimos anos. Agora estou nunha pausa necesaria aínda que teño algunhas cousas enriba da mesa ás que dar curso e non sei moi ben o que acabará saíndo. Seguramente empece a traballar nalgún proxecto con músicos pero mellor agardar un pouco a que vaian callando antes de falar diso.